| **Taller de educación afectivo- sexual**<br>Organizada polo CIM e desenvolvida por unha empresa de Santiago. Virán dúas educadoras | 3ºESO<br>4º ESO<br>1ºBAC | 1ºT<br>Outubro<br>2 sesións de ´50/grupo | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |
| **Taller de educación afectivo- sexual** | FPCBásica | 1ºT | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Desenvolvida pola UAD<br>Co que trataremos mellorar as actitudes do alumnado respecto á saúde sexual e reproductiva así como contribuír á prevención e reducción da violencia e a discriminación de xénero. | FPGM<br>FPGS | Outubro/novembro<br>2 sesións de ´50/grupo | respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |
| **Charla sobre transexualidade**<br>Desenvolvida por entidades como a Rede Educativa de Apoio Galega, Chrysallis…<br>Buscamos ampliar o coñecemento que ten o alumnado do redor da transexualidade a partir do que estimular a reflexión crítica e unha actitude de respecto deste colectivo especialmente vulnerable á violencia de xénero. | 4º ESO<br>1ºBAC<br>FPCBásica | 1ºT<br>Novembro<br>1 sesións de ´50/grupo | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |
| **Presentación USC- ABAU**<br>Desenvolvida pola USC<br>Desde o Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC", informarase aos alumnos/as como futuros estudante universitarios. | 2º BAC | 1ºT<br>1 sesión de ´90 | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |
| **Taller de prevención de adicións**<br>Desenvolvida pola UAD<br>O consumo de drogas é un problema de grande magnitude con repercusións tanto no individuo como na sociedade. Para acadar unha reducción da demanda do consumo de drogas é fundamental o desenvolvemento de medidas | 2º ESO<br>3º ESO<br>FPGM<br>FPGS | 2ºT<br>1 sesión de ´50/grupo | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| preventivas no ámbito escolar. | | | |
| **Charla temática USC**<br>Desenvolvida pola USC<br>Pendente de seleccionar. | 2º BAC | 2ºT<br>1 sesión de ´50 | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |
| **Charla temática USC**<br>Desenvolvida pola USC<br>Pendente de seleccionar. | 1º BAC | 2ºT<br>1 sesión de ´50 | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |
| **Charla temática USC**<br>Desenvolvida pola USC<br>Pendente de seleccionar. | FPCS Admon | 2ºT<br>1 sesión de ´50 | Salón de actos, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |
| **Charla *Día da Muller e a Nena na Ciencia***<br>No mes de febreiro dentro das actividades para conmemorar o 11 de febreiro desenvolveranse charlas a cargo de científicas de diversos eidos. Queremos contribuír a fornecer o acceso e participación das alumnas na ciencia e tecnoloxía, para avanzar na igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres. | 1º ESO<br>2º ESO<br>3º ESO | 2ºT<br>Febreiro<br>1 sesión de ´50/grupo | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |
| **Charla perspectiva de xénero no ensino secundario**<br>A cargo de expertas en feminismo no sector laboral, contribuíndo a visualizar a desigualdade de xénero e para reivindicar a | Profes e familias | 2ºT<br>Marzo<br>1 sesión ´120 | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

| | | | |
|---|---|---|---|
| loita pola igualdade efectiva de dereitos para as mujeres en varios ámbitos e a importancia de adoptar a perspectiva de xénero tanto nos programas formativos como en todas as dinámicas do IES. | | | |
| **Charla do 8M**<br>No mes de marzo dentro das actividades para conmemorar o *Día da Muller Traballadora* convidarase a profesionais para que compartan a súa experiencia co alumnado e/ou expertas en feminismo no sector laboral, contribuíndo a visualizar a desigualdade de xénero e para reivindicar a loita pola igualdade efectiva de dereitos para as mujeres en varios ámbitos. | 4º ESO<br>1º BAC<br>FPCB<br>FBCM | 2ºT<br>Marzo<br>1 sesión de ´50/grupo | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |
| **Uso responsable das tecnoloxías**<br>Desenvolvida pola Policía Nacional-Plan Director<br>As novas tecnoloxías abren todo un mundo de posibilidades e de potencialidades, positivas e negativas, feito que obriga a estimular o coñecemento e a aprendizaxe na xestión das mesmas por parte do alumnado. | 1º ESO<br>2º ESO<br>3º ESO | 2ºT<br>1 sesión de ´50/grupo | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |
| **Taller de xestión emocional**<br>Tarefas de reflexión guiadas por profesionais da educación emocional para contribuír a que o | 1º ESO<br>2º ESO<br>3º ESO | 3ºT<br>1 sesión de ´50/grupo | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas |

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es • http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

| | | | |
|---|---|---|---|
| alumnado amose unha capacidade superior de entendimento emocional propio e alleo, desenvolvendo a intelixencia emocional e as habilidades comunicativas. | | | autoridades sanitarias e educativas. |
| **Taller de xestión emocional**<br>Similar ao anterior pero dirixido a mellorar intelixencia emocional desde o punto de vista dos adultos, tanto no ámbito familiar como escolar. | Profes e familias | 3º T<br>1 sesión ´120 | Salón de actos, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |
| **Charla cooperativismo**<br>A cargo dos profesionais de Espazo Coop, Unión de Cooperativas Galegas co obxectivo de dar a coñecer este colectivo e fomentar o cooperativismo, con presenza en sectores emerxentes, incentivando empresas de alto valor engadido e novas tecnoloxías. | FP CM e CS | 3ºT<br>1 sesión ´120 | Salón de actos, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |
| **Acoso escolar**<br>Desenvolvida pola Policía Nacional-Plan Director<br>As dinámicas de funcionamento nos IES poden favorecer relacións negativas como o acoso. Con esta charla queremos contribuir á prevención destas situación | 1º ESO<br>2º ESO | 3ºT<br>Maio<br>1 sesión de ´50/grupo | Desenvolverase na aula, grupo ordinario, respectando o protocolo Covid e medidas establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias e educativas. |

Val do Asma
Lugo chantada
XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
UNIÓN EUROPEA Fondo Social Europeo
Erasmus+
Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

## DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA

| ACTIVIDADE E BREVE RESUMO DA MESMA | NIVEL E GRUPOS DESTINATARIOS | DATA APROXIMADA DE REALIZACIÓN E DURACIÓN | MEDIDAS COVID PARA ESTA ACTIVIDADE |
|---|---|---|---|
| Visita a museos, feiras e ou exposición | 2º ESO<br>3º ESO<br>4º ESO | 2º e 3º Trimestre | As marcadas pola normativa nese momento |
| Visita a empresas, fábricas ou instalación industriais | 2º ESO<br>3º ESO<br>4º ESO | 2º e 3º Trimestre | As marcadas pola normativa nese momento |
| Participación en concursos de electrónica, programación, e/ou robótica. | 3º ESO<br>4º ESO<br>2º BAC | 2º e 3º Trimestre | As marcadas pola normativa nese momento |
| Saídas para a participación en actividades relacionadas coa reciclaxe, natureza, deporte e medio ambiente. | 2º ESO<br>3º ESO<br>4º ESO | 2º e 3º Trimestre | As marcadas pola normativa nese momento |

IES Val do Asma
Lugo Chantada
XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
UNIÓN EUROPEA Fondo Social Europeo
Erasmus+
Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

## DEPARTAMENTO: EDLG

| ACTIVIDADE E BREVE RESUMO DA MESMA | NIVEL E GRUPOS DESTINATARIOS | DATA APROXIMADA DE REALIZACIÓN E DURACIÓN | MEDIDAS COVID PARA ESTA ACTIVIDADE |
|---|---|---|---|
| SAMAÍN : concurso de relato | Todos | outubro | As marcadas pola normativa nese momento |
| Obradoiro de regueifas ( Espazo Xove de Chantada) | 2º-3º ESO | 17 decembro | As marcadas pola normativa nese momento |
| Obradoiro de política lingüística : actividade co departamento de bioloxía | 2º ESO | 17 novembro | As marcadas pola normativa nese momento |
| Semana do Entroido: ordes do meco | Todos | Semana 20-25 febreiro | As marcadas pola normativa nese momento |
| Semana das Letras Galegas | Todo o alumnado | 2º semana de maio | As marcadas pola normativa nese momento |

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

## CONMEMORACIÓNS CURSO 2021-2022

| |
|---|
| – 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia. |
| **FILOSOFÍA** |

| |
|---|
| – 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. |
| **EDLG/ FILOSOFÍA/ ORIENTACIÓN** |

| |
|---|
| – Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. |
| **FOL** |

| |
|---|
| – 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade. |
| **ORIENTACIÓN** |

| |
|---|
| – 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. |
| **XEOGRAFÍA E HISTORIA** |

| |
|---|
| – 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación. |
| **LINGUA CASTELÁ** |

| |
|---|
| – 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz. |
| **FILOSOFÍA/ BIBLIOTECA** |

| |
|---|
| – 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro. |
| **LINGUA GALEGA/ BIBLIOTECA** |

| |
|---|
| – 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. |
| **ECOMOMÍA** |

| |
|---|
| – Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarasena aula con xornais. |
| **MÚSICA** |

| |
|---|
| – 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde. |
| **EDUCACIÓN FÍSICA** |

| – Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro. |
|---|
| **BIBLIOTECA/ LINGUA GALEGA/ LINGUA CASTELÁ** |

| – 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar. |
|---|
| **ORIENTACIÓN** |

| – 9 de maio de 2022: Día de Europa. |
|---|
| **ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS/ AUTOMOCIÓN** |

| – Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas. |
|---|
| **BIBLIOTECA/ EDLG** |

| – 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente. |
|---|
| **BIOLOXÍA/ FÍSICA E QUÍMICA** |

**DOCUMENTO Nº 6: Funcionamento da BIBLIOTECA ESCOLAR**

a. **Coordinadora: Ana María Jorge Diéguez**

b. **Equipo de biblioteca:**

Segundo o establecido nas instrucións de comezo de curso da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2021-2022, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da consellería de Cultura, Educación e Universidade, a persoa responsable da Biblioteca escolar contará durante o curso 2021-2022 cun equipo de apoio composto por 4 profesores máis:

- María José García Barallobre, profesora de Lingua Galega
- Tatiana Giménez Lorenzo, profesora de Lingua Castelá
- Beatriz Díaz Fernández, profesora de Lingua Castelá
- Xose Antón Domínguez López, profesor de Bioloxía

Do mesmo xeito tamén conta cun grupo estable de 10 alumnos/as voluntarios/as de 1º da ESO.

- Lúa
- Thais
- Andrés
- Noa E.
- Paul
- Nerea
- Nía
- Dani
- Mateo

O equipo de alumnos/as voluntarios/as terán as seguintes tarefas:

- Colocar os libros que estean na balda "LIBROS PARA COLOCAR"
- Revisar nos estantes que os libros estean no sitio que lles corresponde.
- Deseñar unha mascota para a Biblioasma

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

- Elaborar carteis para as conmemoracións marcadas sempre baixo a supervisión da Responsable da Biblioteca e cubrindo antes o formulario previsto para tal efecto.
- Calquera outra actividade que poida xurdir por iniciativa e/ou interese dos voluntarios deberá ser comunicada á responsable da Biblioteca e aceptada pola mesma. Ambas partes empregarán o formulario oficial previsto para tal efecto.

c. **<u>Plan anual de lectura</u> (Artº 38 do D. 86/2015) CONECTA2. PLAN DE BIBLIOTECA**

**1. Introdución e Xustificación do Proxecto**

Situada no andar baixo do edificio principal, a Biblioteca do Val do Asma conta cun espazo moi limitado –abarca uns 52 m2–, razón pola que ao longo dos cursos anteriores foi ampliado cunha zona de lectura externa con acceso a revistas e xogos educativos, un expositor de 'Novidades e Recomendación' e un taboleiro de anuncios, así como a creación e actualización das Bibliotecas de Aula nos cursos da ESO, desde o ano escolar 2017-2018, e a súa creación en 2.º e 3.º de PMAR, e en 1.º e 2.º de FP Básica durante o curso 2018-2019.

A Biblioteca conta cun amplo abano de oferta informativa, con fondos que van desde o literario e o científico até o mundo da música, do cine, dos deportes, da arte...; fondos que atinxen a todos os niveis e cobren desde as necesidades puramente lúdicas –ler polo pracer de ler– até as necesidades de documentación e consulta, pasando polas de atención específica (para alumnado con NEE). Así mesmo, desde a súa apertura procúrase unha política de adquisicións que persiga o reequilibrio dos fondos existentes, conseguindo unha porcentaxe axeitada de libros de ficción e de non ficción, e de material non bibliográfico–, a atención das necesidades dos distintos departamentos –os itinerarios lectores de cada un deles son sumamente importantes– e a actualización dos fondos, coa adquisición de material de interese tamén para adultos. Todos estes fondos están organizados informáticamente co programa MEIGA e ordenados seguindo a Clasificación Decimal Universal (CDU).O catálogo publícase

semanalmente para mantelo sempre actualizado.

O fomento da lectura activa e a adquisición de competencias clave na procura de información seguen a ser algunhas das principais preocupacións do Val do Asma respecto do seu alumnado, un alumnado inquedo, curioso, activo, desexoso de atopar respostas ás numerosas preguntas que formula, pero condicionado nesa busca por un formato tradicionalmente imposto co que non sempre ou non todos se senten cómodos abondo. Neste senso, a Biblioteca quere responder realmente ás súas necesidades, mais tamén aos seus intereses, fomentando un alumnado sensible e crítico, conectado intelectual e formalmente cunha realidade á que, como suxeitos activos que son, estudarán, moldearán e transformarán.

Porén, non é esta unha tarefa doada, de aí a necesidade de implicación dunha comunidade educativa que debe coñecer e aproveitar ao máximo as ferramentas que o centro pon á súa disposición, así como a súa utilidade. Neste senso, a mobilidade e a adquisición de novos fondos seguirá a ser vital para responder ás demandas e intereses de toda a comunidade e será fundamental para manter viva, útil e actual a nosa Biblioteca.

### 1.1. Biblioteca escolar e relación co Proxecto Lector de Centro

Plan de Biblioteca e Proxecto Lector de Centro están concibidos desde o IES Val do Asma en estreita relación, constituíndo un todo. De feito, o actual Proxecto Lector di de forma específica que "conseguir un bo hábito lector é un dos fins máis importantes do Proxecto Lector de Centro en que se insire [o Plan de Biblioteca], pois a lectura é fonte de gozo e medio único para facilitar o acceso do alumnado á cultura", contando así cun apartado específico nel.

A Biblioteca está presente nel de forma explícita e implícita desde a primeira liña, conformando un importante eixo arredor do que planificar actividades relacionadas coa lectura en todos os seus formatos que impliquen a todos os membros da comunidade

educativa, pero tamén fomentando o seu espazo como punto de reunión para a elaboración de traballos utilizando os seus fondos documentais, como ambiente de estudo, invitando á concentración e á reflexión, e como eido de fortaleza da creatividade, da liberdade e mesmo, por que non, de certa irreverencia.

**2. Punto de Partida**

Ao longo dos cursos pasados o espazo da Biblioteca foi sometido a un proceso de limpeza e reestruturación, e os libros dos andeis a un proceso de recolocación e ordenamento. Así mesmo, fixéronse cambios significativos no tocante á distribución do espazo para dar cabida ás novas adquisicións, á sección de educación que ata eses momentos estaba ubicada na sala de profesores e que se enriqueceu con fondos sobre educación para pais, e a unha nova sección dedicada ao turismo. No tocante á sección de cinema, películas e documentais en formato VHS foron obxecto de expurgación, mais os considerados imprescindibles pasáronse a DVD.

Ademais, ao longo de todos estes anos leváronse a cabo numerosas actuacións que de xeito progresivo serviron non só para acadar os obxectivos propostos en cada unha das etapas vividas, senón tamén para facer efectiva a dinamización da biblioteca. Unha dinamización que, téntase, repercuta tamén –non podería ser doutro xeito– na dinamización do propio centro educativo no que se inscribe. A continuación destacamos só algunhas delas:

**a.** Creación dun grupo de apoio á Biblioteca. Integrado por alumnado voluntario coñecedor das Normas de Uso da Biblioteca e da CDU, o grupo de apoio encargouse de fomentar o uso responsable dos recursos da biblioteca con campañas informativas para o alumnado do seu grupo, propuxo actividades, fixo suxestións de lectura e de adquisición de novos fondos, etc.

**b.** 'Hora de Ler'. Pensada para o alumnado da ESO e da FP Básica co obxectivo de mellorar o seu comportamento lector, e respondendo aos intereses de lectura propios dos lectores, a Hora de Ler facilitoulle ao noso alumnado ao longo dos últimos oito

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es • http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

cursos a posibilidade de ler en silencio, durante 30 minutos ao día, o libro que quixese.

**c.** Exposicións Temáticas. O curso pasado organizáronse dúas exposicións temáticas, unha sobre campos de concentración españois e outra con carteis de Antonio Fraguas.

**d.** Día do Libro. Celebrouse cun intercambio de libros usados, unha exposición literaria e, hai dous cursos, coa lectura dunha obra da autora homenaxeada o Día das Letras Galegas por parte dun dos clubs de lectura, que serviu tamén para comentar e analizar a mesma, e recomendacións lectoras na web do centro por parte do alumnado.

**e.** 'Dillo a quen maltrata'. Información e animación á participación neste concurso de creación literaria.

**f.** 'Lectómetro'. Con este nome púxose en marcha un concurso interno de fomento da lectura que consistía en ir "medindo" as lecturas que cada inscrito facía, con aportacións ao blog da biblioteca sobre as mesmas.

**g.** Día da Paz. Co gallo desta celebración, desde a Biblioteca deuse pulo á elaboración de murais.

**h.** Revista Escolar. Desde a Biblioteca colaborouse de forma activa na elaboración da revista escolar do centro.

Esta pequena mostra das actividades realizadas desde a BiblioAsma poñen de manifesto dúas cousas esenciais no xeito en que o IES Val do Asma entende o papel da Biblioteca, a relación con ela e a relación que esta debe manter co funcionamento do centro no que se integra. Por unha banda, que a Biblioteca do Val do Asma debe ter autonomía e integridade de seu, e que para iso resulta básico o seu enriquecemento constante con material, instrumentos e fondos bibliográficos que respondan ás necesidades educativas do alumnado e do profesorado; por outra banda, que a Biblioteca debe constituír unha área activa e inqueda, que sexa quen de transmitir de forma atractiva a esencia do coñecemento do que é acredora, constituíndose nun foro onde celebrar acontecementos culturais de interese para o alumnado e a comunidade, ao mesmo tempo que fomenta hábitos lectores tanto recreativos como formativos.

Pártese, xa que logo, do individual para acceder e potenciar o colectivo, tal e como acontece na propia sociedade. Así, como en toda sociedade activa, moderna e eticamente madura que se prece, o IES Val do Asma avoga pola responsabilidade do individuo/departamento/biblioteca –as normas da Biblioteca recóllense no Anexo 1– para que esa responsabilidade reverta no bo funcionamento do centro/sociedade.

## 3. Obxectivos, Estratexias Metodolóxicas e Competencias Clave

### 3.1. Obxectivos

Os obxectivos a acadar a través do actual proxecto de Biblioteca non dan as costas aos incluídos no Proxecto Lector de Centro, co que está totalmente imbricado, senón que profundiza neles e os potencia. Algúns deles recóllense e reformúlanse a continuación:

- Potenciar o uso da biblioteca escolar como un recurso específico e como centro de traballo, de estudo e de acceso a todo coñecemento, ben en soporte tradicional, ben en soporte dixital.
- Seguir a reactivar o ambiente da Biblioteca para que o alumnado se achegue a ela na procura de respostas e para fomentar a creación en liberdade.
- Seguir a formar ao alumnado nos conceptos básicos de busca e ordenación, de xeito que adquiran a competencia suficiente para localizar a información, así como seleccionala e interpretala criticamente.
- Favorecer a participación dos distintos membros da comunidade educativa nas distintas actividades promovidas, co obxecto de fomentar entre o alumnado un hábito de lectura froito do gozo e proveitoso en si mesmo.
- Manter os fondos bibliográficos debidamente catalogados, organizados e actualizados. Isto pasa por unha recolocación da sección de galego, para dotala de maior visibilidade e máis fácil acceso.
- Ampliar os fondos bibliográficos, prestando especial atención ás suxestións que

o alumnado irá facendo ao longo do curso, tanto en galego como en castelán.

- Potenciar o espazo dedicado á Biblioteca na web do instituto.
- Seguir dando apoio aos membros da comunidade escolar á hora de acadar os obxectivos do proxecto educativo do centro, especialmente os vencellados ás competencias clave no marco do Proxecto Lector.

### 3.2. Estratexias Metodolóxicas

Desde o paradigma inclusivo e integrador, cunha práctica pedagóxica baseada en proxectos e á procura de competencias que permitan transferir o aprendido á aplicación práctica, empregando as novas tecnoloxías como ferramenta pedagóxica, pero sen descoidar nin o máis mínimo o tipo de lectura en formato tradicional, avogamos por un coñecemento global, non estanco. Estes son os eixos vertebradores da nosa proposta metodolóxica, sobre os que se asentan as principais actuacións do actual Plan de Biblioteca. No deseño do plan tentouse ter en conta a propia experiencia vital e intereses do alumnado do centro coa intención de fomentar unha participación máis sensible a través desa potente ferramenta que constitúen as tecnoloxías da información e a comunicación. Unha ferramenta cun uso que non conforma o fin último, mais si constitúe unha arma poderosa e atractiva da que hai que saber obter proveito, en primeiro lugar, como medio de acceso ao saber e, en segundo lugar, como medio potenciador do querer saber.

Pero o plan non quere quedar aí, porque non concibe as TIC como meras ferramentas de "acceso a", e isto está estreitamente relacionado coa idea arredor da que xira a selección das actuacións programadas: non se trata de que o noso alumnado se achegue sen máis ao coñecemento, senón de que sexa quen de construír coñecemento. E para iso consideramos necesario potenciar unha actitude crítica construtiva fundamentada no peso dunha boa argumentación.

Agora ben, as argumentacións de peso sono só se se sustentan sobre un coñecemento

sólido, e a solidez do coñecemento está estreitamente relacionada coa interacción dos seus diferentes campos.

A este tipo de estratexias metodolóxicas contribúe o deseño e a posta en marcha das actuacións programadas que se recollen no punto 4.

### 3.3. Competencias Clave

O proxecto proposto e os obxectivos que se tentan acadar con el permitirán traballar a adquisición das Competencias Clave a través da metodoloxía e as actuacións propostas:

Competencia en Comunicación Lingüística. Esta competencia trabállase en todas as actuacións propostas (ver punto 4), nas que se fomenta o uso da lingua, tanto galega como castelá, como instrumento de comunicación e expresión, a dominar en todas as súas facetas de comprensión, execución e reflexión. Porque a creación de sentido servíndose da linguaxe é unha necesidade instrumental vital para dotar, ao outro e ao mundo, e dotarnos a nós mesmos de significado.

Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía. Consideramos vital dotar o alumnado da habilidade de coñecer e empregar métodos dedutivos e indutivos, e que sexa quen de recoñecer neles ferramentas do saber, co obxectivo de abordar un razoamento construtivo. A todo iso contribúen as actuacións programadas, cunha especial atención por parte do I Concurso de Interpretación fotográfica 'A historia trala imaxe' (ver punto 4, páx. 11), que ademais fomenta outras competencias como a Conciencia e Expresións Culturais, a Competencia Dixital e a Autonomía e Iniciativa Persoal.

Competencias Sociais e Cívicas. Tal e como se apunta no arranque deste documento, desde a Biblioteca quérese fomentar un alumnado sensible e crítico, conectado intelectual e formalmente cunha realidade á que, como suxeito activo que é, deberá estudar, moldear e transformar. Neste senso, todas as actuacións propostas aspiran a iso, desde as que potencian a análise, de forma e fondo, da obra literaria e gráfica dos

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

autores propostos polo propio alumnado para traballar no Club de Lectura ou dos que se pensará para facer unha visita ao centro para intercambiar impresións co alumnado, ata as que invitan ao alumnado a influír na súa contorna dando a coñecer a súa opinión sobre obras lidas –ver o espazo dedicado ao 'Lectómetro' (punto 4, páx. 11).

Competencia Dixital. O enriquecemento da Biblioteca con fondos dixitalizados permitirá ao alumnado do centro buscar, obter e procesar información que poderá transformar en coñecemento a través das TIC. Recuperaremos tamén ao longo deste curso o Blogue da BiblioAsma e seguiremos coa sección que ten a nosa biblioteca nas redes sociais: TikTok, Instagram e Facebook.

Competencia para a Conciencia e Expresións Culturais. Nada mellor que fomentar un alumnado competente cultural e artísticamente, e este é tamén o obxectivo dalgunhas das actividades propostas no punto 4 do Plan de Biblioteca para este curso. É o caso das actividades que se programarán para conmemorar o día das Letras Galegas, a cargo do departamentos de Lingua Galega e do equipo de Normalización Lingüística, pero coa colaboración do departamento de Lingua Castelá e da Biblioteca, a promoción e animación a participar en concursos de creación literaria (concurso de relatos de terror para celebrar o Samaín), ou a posibilidade de colaborar co departamento de Lingua Galega nun obradoiro de creación literaria.

Competencia para Aprender a Aprender. Orientar e guiar o noso alumnado é gratificante, mais non resulta satisfactorio se non conseguimos que este sexa quen por si mesmo de seguir aprendendo de forma eficaz e autónoma ao longo da súa vida. Nas actividades propostas téntase fomentar ese espírito.

Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor. Non desexamos un alumnado pasivo, senón activo e independente, cuns valores e actitudes persoais responsables cara ao seu propio proceso de aprendizaxe; un proceso do que se sinta e sexa protagonista, cos riscos, todos eles necesarios, que iso significa. Desexamos que o alumnado do Val do

Asma dea un paso adiante neste senso e a posta en marcha das actuacións deste proxecto é un bo momento para iso.

## 4. Dinamización

### 4.1. Actuacións máis destacadas a realizar

Ademais dalgunhas das actividades xa realizadas con éxito durante outros anos lectivos, entre as actuacións máis destacadas programadas para acadar os obxectivos propostos no marco do actual proxecto atópanse as que se recollen a continuación:

**a.** Sopa de Letras Literaria Xigante. Como forma de contribuír ao achegamento do alumnado ao mundo das letras proponse a elaboración dunha Sopa de Letras Literaria Xigante conformada polos alumnos de 1.º, 2.º, 3.º e 4.º da ESO, e polos de 3.º de PMAR, aínda que no seu proceso de creación e instalación –o ideal sería instalala nunha zona de paso para que tivese acceso a ela todo o mundo que se achegue ao instituto– é necesaria a implicación de alumnos doutros cursos, así como de profesores. Nela estarán ocultos os nomes dunha trintena de autores, entre os que se atoparán moitos proporcionados polo propio alumnado, pois do que se trata é de atraelo, esta vez a través do xogo, que se involucre no seu propio proceso de aprendizaxe, buscando e atopando nomes, pero tamén indagando sobre os mesmos. Temporalización: 2.º trimestre.

**b.** Encontro con Autores. O curso 2021-2022 quere facerse efectivo o encontro cun autor que desenvolva a súa obra no ámbito da novela ou do cómic. A idea é invitar ao instituto a un autor e/ou ilustrador que participe nunha charla-coloquio co alumnado do centro, co que previamente se terán traballado diferentes aspectos da súa obra. A época máis axeitada é no segundo trimestre do curso, en función da dispoñibilidade do autor proposto. Temporización: 2.º trimestre.

**c.** 'Lectómetro'. Cada un dos membros da comunidade educativa poderá colgar no espazo bautizado co nome de Lectómetro –un taboleiro de lecturas disposto con esa

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

finalidade nunha zona específica da Biblioteca, na súa versión tradicional, pero tamén na web do centro, na súa versión dixital– as súas impresións sobre os libros lidos, realizando unha recomendación argumentada dos que máis lle gustaron. Deste xeito, será o propio alumnado principalmente, incitado polo docente, quen mova cos seus comentarios á participación na lectura e, sobre todo, ao intercambio de ideas sobre as mesmas, fomentando con esta medida no só o hábito de lectura senón tamén a autonomía e iniciativa persoal. Temporalización: todo o curso.

**d.** Club de Lectura. Este curso o centro, e a Biblioteca de forma específica, fomentarán a creación dun Club de Lectura co nome 'Senhor Azul' ao que se invitará a participar a todo o alumnado da ESO e da FP Básica. Para unha mellor organización do club estableceranse dúas liñas de actuación: unha para os cursos de 1.º e 2.º da ESO, e 3.º de PMAR, e outra para 3.º e 4.º da ESO, así como para a FP Básica. Así mesmo, farase preciso o compromiso dunha parte do profesorado. As reunións dos membros do club de lectura celébranse na Biblioteca segundo o calendario establecido nas normas de funcionamento do Club de Lectura, e tentarase fomentar a lectura en galego. Temporalización: todo o curso, desde novembro.

e. Ademais celebraremos as seguintes datas:

**Día das Bibliotecas (24 de outubro)**: "Bilbiotecas: ler, aprender, descubrir" (lema 2021). Vídeo-lectura dun breve fragmento dunha obra e peche co lema deste ano. (uns 15 segundos).

**Samaín:** Decoración biblioteca con ayuda de alumnos voluntarios (1º ESO) e concurso de relatos de terror en colaboración co EDLG. Mostra libros temática misterio/terror

**Día contra á Violencia de Xénero (25 de novembro):** Carteis e Concurso de foto-poesía

**Día da poesía:** Crear poemas con títulos de tres / cuatro libros.

**Día do Libro:** Creación de Rosas de papel con versos e de marcapáxinas e concurso de carteis: fotografías dos alumnos en relación aos libros (autorretratos).

**Día do teatro (27 de marzo):** Realizar un tiktok/ reels inspirado en un libro.

**Día do Libro Infantil e Xuvenil (2 de abril):** Actividade en colaboración con CEIP de Chantada. Alumnado de secundaria podería lerlle contos a alumnado de infantil en diferentes espazos do centro. A cada alumno de secundaria asignaríaselle un de infantil e o título correspondente.

**Para a Semana das Letras Galegas:** Recital de poemas de Florencio Delgado Gurriarán. Vídeos para subir ao blogue da BiblioAsma e ás redes do Instituto.

E todas as demais conmemoracións marcadas polo calendario escolar farán obxecto dun mural elaborado polo equipo de voluntarios da BiblioAsma.

Ao longo do curso tamén trataremos de:

- Crear unha mascota para BiblioAsma. Concurso.
- Crear un logo.
- Propoñer un Bookface
- Propoñer un xogo de orientación polo centro. Temática literaria ou interdisciplinar.
- Visibilizar ás mulleres do entorno: nais, veciñas, profesoras... Exposición de fotografías no centro.
- Mostra de libros adaptados ás conmemoracións.
- Recomendacións lectoras para as diferentes vacacións entre trimestres (Blogue).
- Crear un buzón de suxerencias literarias para que consten por escrito as peticións.
- Realización de talleres literarios.

Así mesmo, prestarase especial atención ás seguintes actuacións:

- Revisión e actualización de fondos. Trátase dunha actividade constante que permitirá a localización continua dos mesmos e evitará a perda de volumes.
- Carnés lectores. Cómpre dar de baixa como usuarios da biblioteca ao alumnado e persoal docente que xa non forma parte da comunidade educativa e cómpre asignar eses e novos números de lector aos novos usuarios. Seguirase a dinámica dos últimos últimos cursos, proporcionando un carné físico que facilite o empréstito. Temporalización: 1.º trimestre.
- Continuación coas actividades plurianuais. Débese dar continuidade ás actividades que fomentan o hábito lector e dan vida á biblioteca escolar. O éxito das mesmas, entre as que se atopa a 'Hora de ler', vese incrementado curso a curso, erixíndose en prioridade ao longo do curso actual. No tocante á 'Hora de ler', establécese a lectura como actividade obrigatoria desde todas as materias conforme un calendario que se adxunta como Anexo 2. Temporalización: todo o curso, desde novembro.
- Mantemento das Bibliotecas de Aula e Creación de Bibliotecas de Aula para o Pavillón. É preciso revisar e reordenar as lecturas propostas para as bibliotecas de aula nos diferentes niveis. Ademais, co obxecto de gañar espazo na propia biblioteca, crearase unha biblioteca de aula para 1.º de Bacharelato e enriqueceranse as bibliotecas de aula de todos os niveis con novos fondos.
- Creación dun Grupo de Apoio á Biblioteca. O grupo estará integrado por alumnado voluntario (preferiblemente da ESO), que coñeza as Normas de Uso da Biblioteca, recoñeza a CDU, saiba localizar e colocar libros, fomente o uso responsable dos recursos da Biblioteca con campañas informativas para o alumnado do seu grupo, participe de forma activa nas actividades propostas e suxira outras novas, faga recomendacións de lectura e de adquisición de novos fondos, etc. Temporalización: todo o  curso.

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

## 5. Tipo de Organización e Funcionamento previsto

Para converter a Biblioteca nun espazo con valor e vida, nun centro de recursos activo e eficiente que participe na consecución real das competencias clave, non só é necesaria a posta en marcha de iniciativas de dinamización, visualización e formación, senón tamén a actualización e ampliación dos fondos documentais. Para isto é preciso que a Biblioteca siga a ser visible nos órganos de decisión do centro, mediante a presenza da Comisión da Biblioteca (a través da coordinadora) na Comisión de Coordinación Pedagóxica. O Equipo de Apoio da Biblioteca, que estará constituído por seis docentes de distintos ciclos e áreas, traballará como un grupo ben coordinado e unitario, maximizando así o rendemento do seu labor.

### 5.1. Xestión Técnica e Organización

Hai unha parte mecánica na xestión da Biblioteca que implica fichar e informatizar os fondos segundo se van incorporando, asignalos a un determinado apartado da CDU, etiquetar e forrar a etiqueta e colocalos no andel correspondente, etc. Pero é fundamental asumir que, para que o centro de recursos que debe ser unha biblioteca funcione de xeito óptimo, é necesario manter unha continua actualización do seu catálogo e facer un seguimento do modo en que a Biblioteca o pon a disposición da comunidade educativa, así como insistir na correcta formación de usuarios. Para todo isto faise fundamental un ambiente acolledor e agradable, mantendo as zonas delimitadas e unha oferta de servizos axeitada. Ao longo deste curso e con referencia a este aspecto, temos o propósito de:

Levar a cabo unha política de compras que persiga o equilibrio dos fondos existentes. Neste senso, faise necesaria unha maior adquisición de fondos en galego, ademais de seguir mantendo a atención das necesidades dos distintos departamentos (itinerarios lectores de cada un deles) e a actualización xeral dos fondos, coa adquisición de

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

material de interese tamén para adultos. Temporalización: todo o curso.

Continuar coa revisión dos fondos da biblioteca e o expurgo que se considere necesario, coa colaboración dos distintos departamentos didácticos. Temporalización: 1.º e 2.º trimestres.

Actualización das Bibliotecas de Aula en toda a ESO, en 3.º de PMAR, así como en FP Básica e en Bacharelato. Durante os dous anos de pandemia vímonos forzados a retirar das aulas os libros mais este curso no primeiro trimestre xa, cada aula recuperará a súa propia biblioteca.

Ademais tal e como se recolle nas instrucións de inicio de curso: a biblioteca ha de ser un lugar aberto. Cómpre polo tanto sacar os fondos do propio espazo reservado a biblioteca. Polo tanto este curso imos mercar unhas baldas para o Salón de Actos e así colocar as enciclopedias e liberar estantes da BiblioAsma.

### 5.2. Outras Actuacións relacionadas coa Dinamización

Como centro de difusión da cultura do centro educativo, a Biblioteca pode e debe emprender labores de dinamización. Pero non debe esquecer o seu papel como documentalista que titorice aos departamentos, aos equipos e á propia Vicedirección do centro na selección ou cesión dos fondos e materiais máis axeitados para cada iniciativa de dinamización. Ademais das actividades propostas e recollidas no punto 4.1. deste Plan, outros labores de dinamización planificados son:

- Dar a coñecer o funcionamento do servizo de préstamo de libros e a súa ubicación na Biblioteca: CDU, distribución do espazo da biblioteca, etiquetado dos fondos... Esta actividade está orientada ao alumnado que se incorpora de novo (fundamentalmente en 1.º da ESO e no primeiro nivel do Ciclo Medio e de FP Básica). Temporalización: 1.º trimestre.
- Revisar as bibliotecas de aula en todos os cursos da BACHARELATO, ESO, PMAR

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

e FP Básica, previa selección de fondos e en colaboración cos distintos departamentos didácticos. Tamén, creación dunha biblioteca de aula propia para 1.º de Bacharelato. Temporalización: 1.º trimestre.

- Organizar seleccións temáticas ou de carácter informativo cos libros, materiais e recursos que posúe a Biblioteca (temática amorosa, a saúde e os deportes, manuais de consulta, a arte, figura homenaxeada co gallo do Día do Samaín, Día dos Namorados, Día do Libro, Semana das Letras Galegas...). Temporalización: todo o curso.
- Celebrar o Día do Libro, con actividades de exposición, visionado de imaxes, presentación de temas, lectura de obras ou fragmentos de obras. Temporalización: semana do 11 ao 15 de maio.
- Apoio ao desenvolvemento do Proxecto Lector, coa selección de textos e recomendación de lecturas como apoio aos departamentos didácticos do centro. Temporalización: todo o curso.
- Colaboración en proxectos organizados por outros departamentos, como o de Normalización Lingüística, o de Lingua Galega e o de Lingua Castelá. As actividades, como o obradoiro de creación literaria a cargo do departamento de Lingua Galega, aínda están por concretar, pero recolleranse na memoria final.

### 5.3. Formación de Usuarios

Unha vez iniciado o curso, e coa listaxe do novo alumnado do centro, realizarase unha campaña de formación de usuarios, que constará das seguintes medidas:

- Elaboración dunha Guía da Biblioteca que será posta a disposición da comunidade educativa a través da páxina web do Val do Asma e que incluirá información xenérica sobre a Biblioteca e os servizos que presta, as normas de uso e a organización dos fondos no espazo físico. O obxectivo é tentar que os

usuarios acaden un coñecemento básico da CDU e da ordenación dos fondos de toda biblioteca. Tamén se lles aprenderá o mellor xeito de consultar na páxina do Proxecto Meiga os fondos da nosa biblioteca. Temporalización: 1.º trimestre.

- Formación continua de usuarios. Os membros do Equipo de Apoio desenvolverá un continuo labor in situ de formación de usuarios da biblioteca, dando pulo ao uso autónomo da mesma, guiando os usuarios na busca de fondos nos andeis da biblioteca e na busca de información en Internet, etc. Este labor será moi importante, sobre todo, nos recreos. Temporalización: todo o curso.

### 5.4. Educación para o Acceso á Información

Educar para acceder a unha información veraz e útil resulta vital. Potenciaras a través da seguinte actuación:

Impulso e coordinación, no marco do Proxecto Lector, da confección e dotación de intinerarios lectores desde os distintos departamentos, de forma que o alumnado reciba unha orientación con respecto á bibliografía apropiada para traballar cada unidade didáctica, apartado ou materia en cada trimestre. Temporalización: os primeiros días de cada trimestre.

## 6. Fomento da Lectura

Conseguir un bo hábito lector é un dos fins máis importantes de toda biblioteca escolar e do Proxecto Lector do centro en que se insire, pois a lectura é fonte de gozo e medio único para facilitar o acceso á cultura. As iniciativas que buscan o contacto do alumnado (e das súas familias) cos libros deben gardar un lugar destacado entre as iniciativas da súa programación.

En estreita relación co fomento da lectura atópase a 'Hora de Ler', a través da que se procura a mellora no comportamento lector, respondendo aos intereses de lectura dos alumnos. A nosa pretensión é facilitar ao noso alumnado a posibilidade de ler en

silencio, durante 30 minutos ao día, o libro que queira. Tentarase que cada día lle afecte a profesorado e disciplinas distintas. Esta actividade está pensada para o alumnado da ESO. As bibliotecas de aula contribúen en gran medida a facilitar esta tarefa, facilitando a presenza de fondos seleccionados por niveis para cada curso, de xeito que o alumnado dispoña de lecturas adaptadas á súa idade e aos seus intereses. Temporalización: todo o curso.

Tamén resulta interesante no tocante ao fomento da lectura a creación dos Clubs de Lectura, que permitirá entre o alumnado interesado que este atope na lectura un novo modo de traballo e aprendizaxe, coas postas en común diante de todo o grupo, sempre guiadas por un profesor. Ademais, a través dos clubs de lectura a Biblioteca implicarase no proxecto 'Donas de si', que será coordinado desde o departamento de Xeografía e Historia.

## 7. Apoio ao Desenvolvemento do Proxecto Lector e a outros Programas e Proxectos de Aula/Centro

No Decreto 133/2007 dise que o Proxecto Lector "será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo no que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, coa escritura e coas habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha". Desde a Biblioteca escolar xa se está colaborando de forma activa neste aspecto e preténdese seguir avanzando até a culminación do proceso. Así pois, e tendo en conta o Proxecto Lector do centro:

• Preténdese seguir colaborando co profesorado de cada área e materia na selección, programación e execución de actividades de fomento da lectura, na confección de itinerarios lectores axeitados a cada materia e a guía no uso da biblioteca como centro

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

de recursos, co obxectivo de que o noso alumnado mellore a súa Competencia en Comunicación Lingüística e noutras competencias clave. Temporalización: todo o curso.

Por outra banda, ofrécese a nosa colaboración, a través tanto do servizo dos fondos da biblioteca como do persoal que integra o equipo, ao profesor/a do Plan PROA, no deseño de actividades e tarefas, e no uso dos fondos bibliográficos e informáticos que a biblioteca posúe. Temporización: todo o curso.

## 8. Apoio ao Estudo ou outras Actividades desde a Biblioteca para a Compensación das Desigualdades Sociais

A Biblioteca debe cumprir a función de achegar a toda a comunidade escolar uns recursos culturais e para a aprendizaxe que a situación socioeconómica das familias, ou a dispersión das entidades e da poboación propias do noso rural, ás veces, non facilitan. Polo tanto, a Biblioteca cumpre unha función de compensación das desigualdades poñendo a disposición do alumnado e das familias materiais actualizados e seleccionados con criterio de calidade, así como oportunidades para o encontro coa cultura en xeral e coa lectura en particular.

Así pois, como órgano de compensación social, a Biblioteca debe formar parte das iniciativas que procuren a supresión das desigualdades sociais. Nisto pensamos cando decidimos dar unha ampla cobertura horaria, dentro das posibilidades dos membros do equipo da biblioteca. Queremos dar a posibilidade a todo o alumnado de acceder aos recursos da Biblioteca durante o máximo tempo posible.

Outras iniciativas réxense por esta mesma preocupación social:

Adquisición de material dos itinerarios lectores marcados polos distintos departamentos (bibliografía, lecturas obrigatorias…) para que todo o alumnado do centro teña a acceso a el.

Adquisición de novos fondos a petición do alumnado, por recomendación ou intereses

propios.

Promoción do préstamo dos fondos da Biblioteca durante o verán, tanto de material de apoio para o alumnado con materias suspensas, como de material con finalidade estritamente lúdica.

Realización de actividades a petición do alumnado, con fines informativos ou didácticos.

## 9. Accións para a Integración da Cultura Impresa e Dixital

A Biblioteca debe ser un centro de recursos integral e, aínda que os materiais bibliográficos en formato papel son –e deben seguir sendo– os que posúen máis peso, as novas tecnoloxías veñen abríndose paso. De feito, as novas xeracións, rapaces e rapazas considerados xa "nativos dixitais", teñen máis facilidade para utilizar o soporte dixital que o impreso. O noso labor debe aceptar esa realidade e esa aceptación pasa non só por desenvolver o noso traballo facendo uso deste soporte, senón por servirnos das novas tecnoloxías para facer que o alumnado se achegue ao libro e ao coñecemento. A nosa aposta para o vindeiro curso é:

- Prestar continuo servizo de orientación ao alumnado na busca de información e nas súas tarefas de investigación a través da web.
- Ofrecer préstamos de lecturas en formato dixital (ebook), principalmente para os integrantes dos clubs de lectura: é este un formato moito máis atractivo para o alumnado destas idades.
- Propoñer actividades concretas desde a Biblioteca orientadas á busca de información en xornais e revistas dixitais, páxinas web específicas, con información fiable.
- Realizar exposicións dixitais e exposicións de cultura impresa sobre temas específicos, relacionados moitas veces coa celebración de datas conmemorativas ou algunhas efemérides.

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

## 10. Difusión dos Recursos dispoñibles na Biblioteca

A visibilización da Biblioteca considérase un aspecto prioritario; debemos conseguir que a comunidade educativa coñeza os recursos dos que dispón a nosa Biblioteca. Para iso levaranse a cabo diferentes medidas:

- Emprego de expositores e carteis nos que se amosen, con motivo das distintas datas a celebrar, información e fondos que garden relación co tema a tratar; traballos de creación; recomendacións feitas desde a Biblioteca... Temporalización: todo o curso.
- Difusión dos recursos dispoñibles na Biblioteca, coa elaboración dun panel expositor, na entrada da propia biblioteca e do centro, onde se indiquen as actividades a realizar, concursos promovidos desde a Biblioteca, artigos e noticias de interese cultural publicados en xornais e listaxes de libros recomendados. Temporalización: todo o curso.
- Habilitación dun Espazo de Novidades Literarias no expositor situado á entrada da Biblioteca. Temporalización: todo o curso.
- Difusión das actividades de conmemoración a través de Tele20, a canle televisiva local, coa fin de promover entre e informar á comarca sobre as actividades levadas a cabo. Farase a través de notas de prensa. Temporalización: todo o curso.
- A creación dun Equipo de Apoio á Biblioteca, integrado por alumnado voluntario, servirá de ponte entre o alumnado do centro e o profesorado que forma parte do Equipo da Biblioteca.
- Información actualizada, a través da web do centro, da Biblioteca (actividades, novidades lectoras, horario de atención, etc.).

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

## 11. Horario previsto de Atención Específica e Persoal do Equipo de Biblioteca

A normativa das bibliotecas escolares (Instrucións de 1 de setembro de 2017) insiste en que esta debe ocupar un lugar destacado: "Unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro deberá dar prioridade á biblioteca escolar e asignar horas lectivas e complementarias ao responsable da biblioteca e ao profesorado do equipo de apoio, axustadas ao labor que estes docentes realizan en beneficio de toda a comunidade educativa..." (Instrución terceira, Punto 4).

Para o presente curso contamos cun horario de atención específica por parte do profesorado de 17 horas máis 5 recreos e 2 horas de coordinación. O espazo da Biblioteca permanecerá aberto desde as 8.45 ás 18.25 para uso e consultas bibliográficas. O servizo de préstamo restrínxese aos recreos: todos os días, de 11.15 a 11.45 horas, quedando estritamente prohibido extraer da biblioteca calquera libro ou material sen permiso expreso dos profesores ao cargo da mesma.

Os profesores que integran o Equipo da Biblioteca son:

Ana María Jorge Diéguez , responsable e coordinadora do equipo. (5 horas + 1 recreo + 2 coordinacións)

María José García Barallobre (6 horas + 1 recreo)

Tatiana Giménez Lorenzo (3 horas + 1 recreo)

Beatriz Díaz Fernández (3 horas + 1 recreo)

Xose Antón Domínguez López (2 horas + 1 recreo)

| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| 8.45 - 9.35 | | | Beatriz | | |
| 9.35 - 10.25 | María | Beatriz | | Beatriz | Tatiana |
| 10.25 - 11.15 | Tatiana | | | María / Ana | Tatiana |

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es • http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

| 11.15 - 11.45 | María | Beatriz | Tatiana | Ana | Xose Antón |
|---|---|---|---|---|---|
| 11.45 - 12.35 | María | María | Ana / Xose Antón | | María |
| 12.35 - 13.25 | | Ana | María | Ana | Ana |
| 13.25 - 14.15 | Ana | | | Ana | |

## 12. Criterios e Procedementos de Avaliación

Avaliar os logros das iniciativas que se acometen non sempre é doado porque non todo é medible, pero hai algúns elementos que poden facilitar este labor e, tendo en conta que o noso proxecto incide na posta en valor, na acción, na dotación de novos recursos, na oferta de servizos amplos e na calidade, o nivel de uso da Biblioteca, así como as valoracións dos usuarios, serán un bo índice de medición. Son indicadores que se terán en conta para a avaliación do proxecto e instrumentos que se van empregar para tal fin os seguintes:

- Participación do profesorado nas actividades de dinamización.
- Uso da Biblioteca por parte do persoal do centro (número de empréstitos).
- Aceptación ou non, e valoración do labor da Biblioteca segundo enquisas que se pasarán ao final do curso.
- Grao de capacidade da Biblioteca á hora de dar servizo ás necesidades dos departamentos: compra de material que se solicitou, propostas de actividades ou melloras se as houbo...
- Análise periódico do Diario de Suxestións e comprobación do seu cumprimento: recomendacións de libros para mercar.

Todos os obxectivos e logros acadados e non acadados serán reflectidos na Memoria que se presentará ao final do curso. Será unha boa forma de reflexionar, valorar e avaliar o traballo realizado.

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

## DOCUMENTO Nº 7: PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

No curso 2021/2022 o centro está inmerso na elaboración do Plan Dixital, que ten como condicionante para a súa realización a participación nun Plan de Formación Permanente do Profesorado. Para cumprir a devandita esixencia e contribuir á mellora das competencias dixitais do profesorado o centro ten concedida a liña de traballo: *Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital,*a desenvolver entre o 15 de novembro de 2021 e o 31 de maio de 2022 e que conta cun orzamento de 950€; neste Plan participarán 13 profesores e profesoras do noso centro e se desenvolverá en dúas fases:

- Primeira fase: O profesorado empregará as ferramentas de avaliación e diagnose para a análise interna da realidade do centro en relación á competencia dixital.
  Temporalización: primeiro trimestre

- Segunda fase: O profesorado participante elaborará, a partir dunha análise DAFO, o plan de acción para a súa incorporación ao Plan dixital do centro.
  Temporalización: segundo e terceiro trimestre.

## DOCUMENTO Nº 8: PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

**Coordinadora do Programa:**

María Argiz Ledo, Profesora Ensino Secundario, especialidade Administración de Empresas.

A **Formación en Centros de Traballo** desenvólvese de acordo coa *Orde do 28 de Febreiro de 2009,* onde se regula o Módulo de Formación en Centros de Traballo, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

É de aplicación, tamén, a *Resolución do 27 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do período de formación en empresas nas ensinanzas de formación profesional, ensinanzas artísticas e ensinanzas deportivas, na situación excepcional actual da pandemia derivada da COVID-19.*

**Finalidade:**

O Módulo de FCT, de acordo co establecido no *Real Decreto 1538/2006,* ten as seguintes finalidades:

- Completar a adquisición de competencias profesionais propias de cada título alcanzadas no centro educativo.
- Adquirir unha identidade e unha madureza profesional motivadoras para a aprendizaxe ao longo da vida e para as adaptacións aos cambios das necesidades de cualificación.
- Completar coñecementos relacionados coa produción, a comercialización, a xestión económica e os sistemas de relacións sociolaborais das empresas, co fin

de facilitar a inserción laboral.

- Avaliar os aspectos máis relevantes da profesionalidade alcanzada polo alumnado no centro educativo e acreditar os aspectos requiridos no emprego que non poidan verificarse por exixir situacións reais de traballo.

**Calendario:**

Os períodos de realización axústanse á lexislación quedando o período ordinario de abril a xuño, e o período extraordinario, de setembro-decembro, de xaneiro-marzo e de abril-xuño.

No presente curso 2021-2022, estamos cun período extraordinario de FCT, que ten como data de realización a seguinte:

CICLO MEDIO DE ELECTROMECÁNICA DE VEHÍCULOS dende o 1 de Outubro ata o 17 de Decembro.

**Situación:**

O IES VAL DO ASMA, oferta, para o curso 2021-2022, tres ciclos en réximen ordinario, de 2000 horas cada un, que son o CICLO MEDIO DE ELECTROMECANICA DE VEHICULOS , CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACION E FINANZAS e o CICLO BÁSICO DE MANTEMENTO DE VEHÍCULOS, e un ciclo en réxime DUAL de 2000 horas, impartidas entre o centro e a empresa según o establecido no convenio, de DESENVOLVEMENTO de APLICACIÓNS WEB.

**Entorno:**

Os ciclos que se ofertan neste IES están situados no entorno do Partido Xudicial de Chantada, aínda que a súa zona de influencia trascende dito Partido Xudicial, atendendo demandas de Concellos limítrofes o mesmo como son Rodeiro, Vilamarín, A Peroxa e O Saviñao.

O entorno económico e empresarial está formado por pequenas e medianas empresas situadas ó longo da zona xeográfica de influenza.

**Relación de alumnos e empresas no período extraordinario de Outubro – Decembro.**

**CICLO MEDIO DE ELECTROMECÁNICA DE VEHÍCULOS:**

| Alumno | Empresa | Concello |
|---|---|---|
| Saúl Guerreiro García | Taller Mecánico Fernández | Lugo |

**CICLO SUPERIOR DE DESENVOLVEMENTO de APLICACIÓNS WEB**

Trátase dun ciclo en réxime dual e, tal e como se recolle no seu convenio, o alumnado de segundo ano realiza a formación no centro de traballo dende o 15 de setembro 2021 ata o 14 de setembro de 2022, cunha xornada de 6 horas no centro de traballo e dúas no centro educativo, ata a finalización do curso académico. Unha vez finalizado este, o alumno realizará unha xornada de 8 horas de FCT na empresa. Estes alumnos están distribuídos do seguinte xeito:

| Alumno | Empresa |
|---|---|
| Lucas García Gondar. DNI: 77461857L | Empresa: IGM Web S.L. |
| Julio Pérez García: DNI: 34302271W | Empresa: IGM Web S.L. |
| Sara Sequeiro Río. DNI: 32708316Q | Empresa: Room Leader S.L. |

| | |
|---|---|
| Daniel Gómez Matos. DNI: 34290427A | Empresa: Room Leader S.L. |

A carga horaria do módulo de FCT é de 410 horas distribuídas en 52 xornadas, para o caso do CM de Electromecánica de Vehículos.

As actividades de formación están recollidas na carpeta do alumno/a, e supervisadas polos titores correspondentes a empresa e o ciclo formativo. A seguinte fase de formación realizarase no período de abril a xuño de 2022

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

**DOCUMENTO Nº 12: DECRETO DE PLURILINGÜISMO**

-Addenda ao proxecto lingüístico ( Artº 14º, 4)

Composición do equipo de Dinamización Lingüística

| COMPOSICIÓN | APELIDOS E NOME |
|---|---|
| Coordinador | Ana Fernandez Fernandez |
| Profesor/a | Xosé Antón Domínguez López (Bioloxía) |
| Profesor/a | Jacobo Prado Fernández (Historia) |
| Profesor/a | Dolores López Rodríguez (Plástica) |
| Profesor/a | Óscar Rodríguez Rodríguez (Música) |
| Profesor/a | Ana Belén Álvarez González (Orientadora) |
| Profesor/a | Jose Antonio López Pérez (Web) |
| Profesor/a | José Manuel Vázquez Balsa (Auto) |
| Profesor/a | Pilar García Soengas (Administración) |
| Alumno/a | David Mazaira Vázquez (3ºBAC) |
| Alumno/a | Carlos Fernández Capinel (2ºBAC) |
| Alumno/a | Álvaro Losada Fernández (2º BAC) |
| Alumno/a | Candela Touriño González (1ºBAC) |
| Alumno/a | Lúa González Lorenzo (4ºESO) |
| Alumno/a | Noa Vázquez Vázquez (3ºESO) |
| Alumno/a | BrunoTeixeira Regal (FPB Mecánica) |
| Alumno/a | Raúl López  Rodriguez(CM Mecánica) |
| P. non docente | Xoán Carlos Lorenzo Álvarez |
| P. non docente | Cristina Avellano Sánchez |
| P. non docente | Ana Rodríguez Lastra |
| Pais, nais | Manuel Mourenza Rodríguez |
| Pais, nais | Elma Fernández Prado |

## CARACTERIZACION SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

### a) Contorno sociolingüístico:

O IES Val do Asma atópase na zona central da provincia de Lugo, unha zona predominantemente rural na que o galego é a lingua de uso maioritario. Así, se vemos os datos que o Instituto Galego de Estatística ofrece para a provincia de Lugo (2003), observamos que as persoas que din entender moito ou bastante o galego falado son máis do 95%, e quen din sabelo falar son máis do 90%, sendo só un 0,75% quen afirma entender o galego oral pero non saber falalo.

As cifras mudan radicalmente cando se trata da comprensión e expresión escrita xa que, neste caso, aínda que a maioría o entenden moito (29,48%) ou bastante (24,63%), un significativo 45,89% recoñece non entender o galego escrito. Isto débese, obviamente, a que a escolarización en galego é un feito relativamente recente, xa que se vemos a mesma estatística detallada por idades, apreciamos que entre as persoas de 5 a 29 anos só un 10,83% comprende pouco ou nada a escrita en galego, mentres o 53,51% a entende "moito" e o 35,66% bastante.

Finalmente, en xeral para esta zona afirman entender moito ou bastante o galego falado e saber falalo pero non escribilo un 17,73%.

O curso pasado (2020/2021) o equipo de normalización e dinamización lingüística realizou unha nova enquisa a alumnos/as, profesores/as e persoal non docente para actualizar datos con respecto a usos lingüísticos; e co resultado das mesmas chegouse aos datos dos que se dispón aínda actualmente e que de novo xuntamos este ano.

### b) Claustro de profesores:

De entre todos os docentes entrevistados cabe sinalar en primeiro lugar que ningún deles afirma non saber falar galego e o nivel de comprensión é absoluto (o 14,5% afirma coñecelo abondo), o que resulta reconfortante.

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

O nivel oral confirma o bilingüismo, inercia maioritaria (45,5 %), sendo lixeiramente superior a taxa dos monolingües en castelán do que os que empregan sempre o galego. Aínda na oralidade sorprende a tendencia cara á mudanza de código segundo cal sexa o idioma en que o/a interlocutor/a inicie a conversa (un 86,4 %), o que parece favorecer claramente á lingua dominante.

No que atinxe á comunicación nas esferas íntimas o uso do galego prevalece entre as amizades e a parella e, con respecto aos fillos poucos admiten falar só galego e un 36,4 % consideran esta pregunta inquietantemente improcedente.

As cousas mudan no relativo ás relacións sociais e volve verificarse neste caso a adaptación á lingua do outro/a se se tratar dun profesional (médico ou comerciante).

Na escritura os números son algo máis desalentadores, sen dúbida condicionados pola aínda recente consolidación do estándar: a metade do profesorado admite escribir sempre en castelán por un 31,8 que o fai en galego, mentres que só un 9,1 % ten a sensación de se expresar mellor no idioma propio.

A maior parte dos enquisados aprenderon a falar fóra da escola e a escribir nela onde segundo as respostas imperaba o castelán na escrita e o galego na fala entre compañeiros/as. Todos os docentes consumen entretemento preferentemente en castelán, sen dúbida condicionados pola oferta existente, tanto en prensa como na rede (91% en castelán ou máis en castelán) e decántanse pola lectura nese idioma (72,7%). Todos e todas reclaman máis contidos na nosa lingua.

c) **<u>Alumnado:</u>**

Especialmente significativa e valiosa debe ser a análise dos datos extraídos da enquisa ao alumnado, o cal representa o futuro da lingua e pode coadxuvar a esclarecer a súa saúde e fortaleza.

A porcentaxe de comprensión oral e escrita é a máis alta de todo o estudo. O 97,3% entende plenamente o galego falado e só un 2,7% non sabe falar a lingua do país. Na

escrita o 97% entende moito ou bastante, escollendo un 49% do alumnado unicamente a lingua propia para se desenvolver neste contexto.

Aprézase, non obstante, certa minusvaloración no relacionado coa norma vixente; só isto pode explicar que o 60% recoñeza escribilo con "bastante" corrección e que un nada desdeñable 36,6% se sinta máis cómodo co castelán.

O 63% aprendeu a lingua no seu propio fogar mentres o 25% o fixo na escola. A maioría emprégao na casa como idioma vehicular (56,3% galego; galego e castelán 11,3%) contra un 25,2% educado exclusivamente en castelán.

O galego é, ademais, preferente nas relacións familiares (60,5% exprésase sempre en galego) e como código de expresión habitual (só o 19,72% decláranse monolingües en castelán), aínda que un pouco máis da metade cambie de rexistro lingüístico dependendo das predileccións do interlocutor/a. A porcentaxe baixa na relación cos amigos, onde a opción do monolingüismo é do 40,8%.

O alumnado entrevistado afirma que só recibe o 14% das clases integramente en galego e maioritariamente o 40,8%. O castelán é o idioma preferido na redacción dos exames, debendo ser posto en relación este dato coas porcentaxes que o alumnado sinala no que atinxe á elección idiomática do profesorado: só un 31,1% dá as súas aulas integramente en galego.

O dominio do castelán na TV e en intenet é aplastante (un 74,7% consumen contidos exclusivamente nesta lingua), aínda que demandan unha maior presenza do galego nestes medios. Só un 7% le en galego e o 66,1 prefire o castelán.

Desasosegante. Grazas á enquisa descubrimos que os *millenials* xa non escoitan a radio, un 42,2%, e na mesma porcentaxe, non tan sorprendentemente, non len prensa escrita, quen sabe se xa definitivamente abocada á extinción.

O 62% cre que o galego se emprega con asiduidade (62%) e son algo pesimistas a respecto do futuro: o 43% pensa que a nosa lingua se falará menos nun lustro e o 22,5 que se falará igual. Temos labor.

d) **O noso centro:**

O galego é a lingua habitual da documentación administrativa, do rotulado do centro e das notas informativas dos taboleiros.

A lingua galega utilízase nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións. Úsase tamén o galego nas conversas que, fóra das actividades docentes, as persoas adultas do centro manteñen co alumnado, así como nas interaccións co alumnado en contextos informais e na realización das actividades extraescolares. En xeral, o galego é a lingua habitual do persoal docente e non docente do IES Val do Asma.

O Centro conta dunha dotación de fondos en galego na biblioteca (libros, revistas, CD's, DVD's) e está presente tamén na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (páxina web do centro, actividades informáticas na docencia...).

Podemos afirmar que, fóra das actividades docentes, a presenza da lingua galega na vida do centro é maioritaria e que, polo tanto, o contorno lingüístico do instituto é claramente galegofalante. Neste senso, segundo o proxecto lingüístico de centro, estanse a impartir en galego as materias obrigadas polo Decreto 79/2010, DOG de 25 de maio.

**OBXECTIVOS PARA OS DIVERSOS SECTORES DO CENTRO**

Tendo en conta os obxectivos xerais do Plan de Normalización Lingüística, os específicos para a área do ensino, e os medios dos que dispoñemos no EDLG deste centro, propomos os seguintes obxectivos para o curso 2021/2022:

1) Adecuados ó contorno sociolingüístico do centro

1.1 Participar e colaborar con outras entidades, preferiblemente da contorna, interesadas na normalización do idioma e cultura galega para que as actividades realizadas non sexan vistas como algo que comeza e remata no centro. Tentaremos crear hábitos na mocidade a fin de que se manteñan fóra do ámbito educativo.

1.2. Participar e colaborar con outros centros educativos a fin de potenciar o uso da nosa lingua fóra do centro.

1.3. Integrar alumnado estranxeiro e a súa familia apoiando a aprendizaxe da lingua e dándolles a coñecer a nosa cultura, as nosas tradicións e o noso patrimonio

2) Adecuados á situación do profesorado

2.1 Continuar dotando de material en galego ao profesorado de todos os departamentos, especialmente naquelas materias que se imparten en galego. Ademais de libros e CDS musicais , procuraremos tamén a adquisición de filmes e documentais realizados en galego ou dobrados a galego, por ser un recurso que tende a se empregar cada vez máis nas aulas.

2.2 Propoñer a todos os departamentos que inclúan nas súas programacións o coñecemento e estudo da realidade galega, da paisaxe, da cultura, tradicións, folclore, patrimonio artístico e monumental e, en xeral, de todos os aspectos que nos identifican como pobo.

3) Adecuados á situación do alumnado

3.1 Fomentar entre o alumnado o hábito de lectura en galego para colaborar na súa completa normalización. Este labor que comezou en cursos pasados, segue a ser un obxectivo que consideramos de especial importancia no noso centro, un dos sectores estratéxicos para o futuro do idioma. Procuraremos a colaboración de alumnado e profesorado interesado nas actividades de animación á lectura.

3.2 Presentar as novidades do momento en literatura xuvenil e continuar co labor de cursos pasados de introducilos no mundo do cómic galego, fomentar a súa lectura e coñecer os autores galegos da banda deseñada debido á súa importancia no panorama cultural galego.

4) Adecuados á situación lingüística do centro

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

4.1 Seguir colaborando na normalización do idioma no sector das novas tecnoloxías da información, tanto entre o alumnado como entre profesorado e persoal non docente.

4.2 Potenciar unha imaxe positiva do noso idioma entre todos os membros da comunidade educativa, defendéndoo e valorándoo como unha ferramenta útil, necesaria e habitual en todos os ámbitos da vida, como a mellor contribución que podemos facer desde Galicia ao enriquecemento da cultura universal. Pretendemos superar a idea de que o uso da nosa lingua se ten que reducir ao espazo familiar ou coloquial pero que non é útil nin necesario fóra destes ámbitos e que a escola pode prescindir del. Somos nós, os galegos, os únicos que podemos conservalo; é a nosa obriga e tamén o noso dereito.

4.3 Potenciar o coñecemento do patrimonio cultural e artístico galego en toda a comunidade educativa: festas tradicionais, música, cine, etc. a través de actividades de conmemoración e de campañas de información que inviten a participar a alumnado, profesorado, persoal non docente e pais.

4.4. Facilitar ao profesorado e persoal non docente que o desexe a adquisición dos coñecementos necesarios para desenvolver o seu traballo en galego.

**ACTIVIDADES A DESENVOLVER PARA ACADAR OS OBXECTIVOS FIXADOS**

Para o obxectivo 1.1. / 1.2. e 1.3.

Colaboración con asociacións, empresas e organismos oficiais:

- Charla-conferencia a cargo dunha entidade empresarial da comarca
- Actividade en colaboración co Concello de Chantada
- Actividades en colaboración coa Asociación de Empresarios de Chantada.

**Actividades en colaboración con centros educativos da contorna:** a parte de visitar aos centros de Rodeiro, Taboada e Escairón para dar a coñecer a nosa oferta educativa e invitalos as nosas xornadas de portas abertas para así establecer un vínculo de amizade.

**Interculturalidade**

Unha das tarefas máis importantes que debe contemplar calquera Equipo de Normalización Lingüística é a de integrar os/as inmigrantes na nosa sociedade.

Co alumnado destas características do centro facemos fincapé para a súa completa integración lingüística e cultural. Ademais de dar solución a calquera dúbida, pretendemos realizar gravacións con este alumnado que incorporou a nosa lingua como súa, ademais de establecer lazos de unión cos seus costumes de cada país de orixe, comidas típicas, etc. Tentaremos achegarnos ás familias para que nos falen dos seus problemas de integración, analizar en que medida aceptan ó uso cotián da nosa lingua e tamén invitalos a que participen a amosarnos os seus costumes valorando a súa colaboración activa.

Para os obxectivos 2.1 e 2.2

Continuar ampliando a **colección de libros, de filmes e documentais** en galego ou xa dobrados e proxección dalgún destes filmes ao longo do curso. Procurarase a adquisición de filmes e libros de temática relacionada coas conmemoracións establecidas polo DOG:

- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 30 de xaneiro: Día da Paz.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller Traballadora.
- 7 de abril: Día Mundial da Saúde.

DESTINATARIOS: todo o centro

RESPONSABLES: EDLG / equipo da Biblioteca

TEMPORALIZACIÓN: Ao longo do curso según as datas de conmemorativas.

ORZAMENTO: 250€

Traballo por proxecto. Por segundo ano consecutivo o noso centro vai traballar nun proxecto que consiste na elaboración dunha guía audiovisual que xire en torno a Igrexa de Nogueira e a comarca.

Para os obxectivos 3.1 e 3.2

**Concursos literarios:** participaremos como centro educativo no maior número posible de concursos literarios convocados en Galicia e faremos publicidade nas redes das distintas convocatorias para que a participación neste tipo de actividades medre.

Recibir e escoitar un **autor/a galego/a para falar da súa obra**, previamente lida na clase polo alumnado que vai acudir á conferencia. Neste curso académico 21/22 temos pensado que nos visite **Andrea Maceiras e Ledicia Costas.**

**Concurso de relatos de terror** co motivo da festividade do Samaín .

DESTINATARIOS : todo o alumnado

RESPONSABLES: EDLG / Departamento de Galego

ORZAMENTO: 250€

**Semana das Letras Galegas**

Neste curso traballaremos a figura de Florencio Delgado Gurriarán , homenaxeado no 2022.

DESTINATARIOS : toda a ESO

RESPONSABLES: EDLG / Biblioteca /Dep. plástica TEMPORALIZACION:sem ana do 17 de maio

ORZAMENTO: 500€

Para os obxectivos 4.1, 4.2 e 4.3

**Día contra a Violencia de Xénero:** Concurso en Instagram con fotos e lemas sobre a temática.

**Publicación dunha revista, redactada integramente en galego** na que se recollerán:

Reportaxes de todas as actividades realizadas durante o curso escolar.

Os mellores traballos de investigación que fixera o alumnado para as diferentes materias.

Textos orixinais escritos polos alumnos: poesías, relatos curtos, breves pezas teatrais, coplas de entroido...

Entrevistas.

Pasatempos.

Recomendacións e opinións dos alumnos sobre lecturas da biblioteca.

A revista Camiñantes ten xa unha longa existencia no noso centro e sempre ten moi boa acollida tanto na comunidade educativa como en toda a vila chantadina e inclusive nas vilas da contorna. Toda a comunidade educativa está implicada na súa elaboración ao longo de todo o curso. Sácanse uns 250 exemplares impresos e ademais sóbese as redes sociais en formato dixital.

DESTINATARIOS : todo o centro

RESPONSABLES: EDLG / equipo da Biblioteca / Dep. Lingua Galega /Dep. Plástica

TEMPORALIZACIÓN: ó longo do curso

ORZAMENTO: 600€

**Colaboración coa Asociación Amigos de Manuel Jorge en Galicia.** Por cuarto ano consecutivo, colaboraremos coas actividades propostas pola devandita asociación.

**Entrevista aos maiores** da vila que da continuidade ao traballo antropolóxico

**Traballo por Proxecto** incorporado ao PROXECTO DE INNOVACION EDUCATIVA EN DINAMIZACION LINGÜíSTICA**: FACENDO CAMINO AO FALAR/ CAMINO DE INVERNO**

O obxectivo inicial do que parte o noso proxecto é fomentar no alumnado a vontade por conecer en profundidade a realidade lingüística dos seus companeiros. Isto favorecera o respecto a todas as linguas que se falan na comunidade educativa e, por extensión,

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

as dos visitantes de fóra de Galicia que se acheguen durante o seu percorrido polo Camino de Inverno.

Pero, amais, realzar deste xeito a pluralidade lingüística existente supón darlle lingua galega dentro do contexto globalizado no que vivimos o seu espazo e recalcar o seu valor. Cuestión fundamental para propiciar a concienciación da importancia da lingua galega como cultura, identidade e patrimonio inmaterial que non se debe deixar esmorecer.

Asi, ao establecer a lingua galega como eixe comun do alumnado, facilitase a integración e cohesión como grupo, xa que a asimilan como propia e como vencello a comunidade, o que os impulse a empregala en publico adquirindo unha maior fluidez.

Ademais destas actividades os alumn@s participarán, na medida do posible, en todas aquelas que consideremos de interese e se oferten ó longo do curso escolar .

***Observacións***

Todas as actividades programadas para o curso académico 2021/22 dentro e fóra do noso IES quedarán suxeitas ao que nos aconsellen as autoridades sanitarias e educativas.

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

**DOCUMENTO 13: Orde do 12 de maio de 2011 (Centros plurilingües)**

**1. Mecanismos de Avaliación do programa**

- Celebraránse reunións mensuais co profesorado CLIL para rexistrar o seguemento do programa e implementar posibles medidas de mellora.

- Ao remate do programa, enviaráse ó servizo correspondente a memoria de actividades e resultados do programa.

**2. Mecanismos de seguimento e avaliación do auxiliar de conversa**

- As reunións de coordinación co auxiliar serán semanas e nelas se rexistrarán as actividades realizadas polo mesmo, e se realizará unha avaliación formativa das devanditas actividades.

- A avaliación do labor do auxiliar irá incluida na memoria final do programa cada curso escolar.

- O servizo correspondente envía ao final do curso unha enquisa para que a coordinadora avalíe o traballo do auxiliar.

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
• http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

**DOCUMENTO 14: PLAN PROXECTA**

Resolución do 14 de agosto de 2012 (Plan proxecta)

**Proxecto de actividades integradas neste plan**

Para o curso 2021/2021 o centro ten concedido unha actividade integrada no Plan Proxecta ***Correspondentes Xuvenís 3.0***, que ten como obxectivos facilitarlle á mocidade de Chantada o acceso aos programas e actividades da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, descentralizando así a información ao centro mediante a colaboración do alumnado do IES Val do Asma na difusión dos programas mencionados.

**Desenvolvemento das competencias clave**

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia dixitais
- Competencias sociais e cívicas
- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- Competencia en conciencia e expresións culturais

O centro tamén participa nos seguintes Contratos –Programa:

**EDUexcelencia.** O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento.

Alumnado: 3º ESO

ORZAMENTO: 1000€

**IGUÁLA-T**

Alumnado: 1º, 2º, 3º, 4º ESO

ORZAMENTO:450€

**CONVIVE-T**

Alumnado: 1º, 2º, 3º, 4º ESO

ORZAMENTO:500€

**RECUPÉRA-T**

ARCO

Alumnado: Educación secundaria: 1º, 2º, 3º ESO e/ou 1º FP Básica

Recursos humanos: profesora de Pedagoxía Terapeutica

Recursos materiais

- Bibliografía.
- Materiais de propia elaboración.
- Material funxible.

ORZAMENTO: 300€

**DOCUMENTO 15: DATAS DE APROBACIÓN**

Data de aprobación dos aspectos docentes da PXA polo Claustro:

11/ 11/2021

Data na que o Consello Escolar informou a PXA:

12/11/2021

Data de aprobación pola directora e envío á Inspección:

15/11/2021